

AS RÉPLICAS ACTUAIS FACILITAN A COMPRENSIÓN DO AMBIENTE CASTREXO



Baseándonos na información proporcionada polo xacemento e por outros castros similares, reproducíronse tres edificacións que ilustran un momento inicial da ocupación romana.

O conxunto componse de diferentes edificacións -estancias dunha mesma casa- que albergarían unha familia extensa. Aínda que son distintos modelos, puideron habitarse á vez no século I d. C. É habitual que as construcións se agrupen en conxuntos unidos por muros de peche cun espazo exterior común.



xerro con decoración hexapétala



anacos de cerámica marmorata



anaco dun morteiro



entalle decorado cunha auriga




fichas de xogo



espiñas de peixe




coitelo afalcatado



coverta con tegula

coverta vexetal

patio exterior empedrado



vivenda o taller

almacén

vivenda

vestíbulo anexo

patio exterior empedrado

A **vivenda circular** con **vestíbulo anexo** corresponde a un modelo prerromano. O **vestíbulo** podería estar aberto, pechado e ata sen cubrir. Aquí reconstruíuse pechado. No interior, o espazo habitable amplíase mediante faiados ou pisos superiores. A **coverta** sería de tipo vexetal, neste caso de palla de centeo.

O **almacén** ten unha pequena entrada a media altura e, no seu interior, un **sollado** de madeira separado do chan, que illa da humidade os produtos que garda.

A **vivenda cuadrangular** é posterior á conquista romana e nela vemos esta influencia en detalles como a **coverta de tegulae** (tegas) ou a **vaixela** do seu interior.

Se paseas polas diferentes estancias poderás percibir boa parte do ambiente dunha casa castrexa: a luz, o espazo, os utensilios domésticos...

Na sociedade castrexa que non ten escritura, contar historias formaríase parte do sistema de aprendizaxe. Era unha forma que tiñan de entender o mundo, os comportamentos, os saberes da comunidade, a historia pasada...

AS CONSTRUCIÓNS ORIXINAIS HARMONIZAN COAS RÉPLICAS



Os restos orixinais, construídos en pendente, aparecen moi desmantelados, pero son un vínculo directo co pasado dos seus habitantes e proporcionánnos información para a reconstrución no presente.


As construcións sitúanse nunha pendente na que aflora a rocha. Para conseguir unha superficie plana sobre a que construír, os habitantes teñen que preparar o terreo: cortando e escavando a rocha ou facendo muros de contención de terras. Habitar unha zona tan "difícil", mostra que outras partes máis favorables do monte estarían ocupadas.



Sección E-O da zona central do castro coa reconstrución hipotética das vivendas

Hai moitas pegadas do traballo na rocha: ocos de casas, buracos para postes, silos, pozos, etc. Pódelas ver? Estes traballos, feitos con instrumentos simples de ferro, mostran a capacidade e esforzo de quen os facían.


Hoxe as construcións levantan pouco do chan. Apenas conservan a cimentación. A porta e o piso das casas estarían máis arriba do que agora vemos e en case ningunha localizamos a entrada.



Imaxe virtual dos restos tal como apareceron na escavación

Por iso é arriscado reconstruír os muros. Aínda que se realizaron diferentes estudos e se podría supor a posición das portas por indicios -topografía, situación das entradas coñecidas, etc.- non podemos sabelo con seguridade. O mesmo sucede con outros detalles construtivos. Por iso, os muros levantáronse moi pouco.


Podes ver os onacos de lousa que separan a parte orixinal da reconstruída?




Plano xeral de restos consolidados

Ante as réplicas, levantadas ata o tellado, os muros orixinais parecen pequenos e insignificantes. Con todo, son estes os que teñen auténtico sentido humano. Son os que construíron os seus habitantes, hai uns dous mil anos, para vivir coas súas familias. Por todo isto, e porque ofrecen información arqueolóxica, constitúen valiosos documentos do pasado que debemos coñecer e conservar.

Dende onde estás podes imaxinar esta secuencia virtual do proceso de reconstrución



Restos tal e como apareceron na escavación



Restos unha vez consolidados



Reconstrución completa das casas


UNHA FACTORÍA QUE APROVEITABA A AUGA



A rede de canles con pías e outras estruturas asociadas indica a existencia dalgún tipo de factoría cuxa función descoñecemos.


O conxunto componse dunha **canle inicial** ancha e pouca profunda que corre en sentido da pendente do castro. A esta córtaa unha segunda **canle transversal**, máis estreita e profunda. O seu trazado é sinuoso, quizais seguindo vetas da rocha. Aprécianse aínda as marcas do pico utilizado na súa escavación.

A esta segunda canle asóciáanse varias pías; unha delas aínda conserva rebaixes e buracos para un peche. Esta canle tamén está cortada por outras menores; algunha delas levaría a auga ata pequenos pozos situados máis abaixo. As canalizacións ocupan unha superficie importante da área escavada e dispóñense nunha zona na que, inicialmente, non había vivendas. Por elas circulaba auga que se decantaba e almacenaba en diversos puntos. Todo isto indica algún tipo de actividade manufacturera: curtido, tratamento de fibras vexetais, minerais, salgaduras...



Situación das canles no plano xeral do xacemento

É difícil saber a súa función concreta porque: (1) coñecemos só unha parte do sistema, que continúa máis aló da zona musealizada, (2) só vemos a parte escavada na rocha e non o conxunto da instalación, que podería completarse con outros materiais como adobe, pedra ou madeira. (3) Nalgúns puntos está cortado por edificacións posteriores, pois cando as canles deixan de usarse constrúense sobre elas varias estancias de planta rectangular.



Recreación infográfica dos restos



Imaxe virtual das canles nas fases I e II




Imaxe virtual das construcións que se levantaron sobre as canles

As canalizacións poderían relacionarse con dúas construcións singulares, polas súas maiores dimensións, a súa estraña tipoloxía e as súas estruturas interiores. Unha delas, de planta cuadrangular, ata podería carecer de tellado.

A outra edificación de planta alongada, interiormente dividida en varias estancias, recorda na súa forma ás saunas castrexas. A ela diríxese unha das canles menores; outra pequena introdúcese, desde o norte, cara ao extremo circular do edificio. Ambas estancias poderían relacionarse coa auga e as canles, pero é difícil precisar a súa función.



Fotografía dunha das construcións singulares, posible sauna




Recreación infográfica dunha das construcións singulares, posible sauna.

Tamén descoñecemos o momento concreto en que se fixo a rede de canles, aínda que sabemos que serían da época das construcións máis antigas, ou ata anteriores.

A VIDA DAS PERSOAS DESCÓBRESE NOS SEUS OBXETOS



Os achados do castro revelan parte da vida no poboado, vincúlannos coas persoas que os usaron e evocan o seu pasado remoto.




TUI
CRAVOS

A agricultura e gandería eran esenciais na sociedade da Idade do Ferro. No castro temos mostra delas en muíños, sementes e ósos. Pero, como ocorre na sociedade actual, na castrexa había estilos de vida distintos segundo a contorna xeográfica, o desenvolvemento tecnolóxico, o contexto cultural do momento...

Así, os achados específicos en cada castro axúdannos a precisar mellor as actividades dos seus habitantes. Neste atopáronse anzóis, espiñas de peixes, cunchas, etc. que indican o aproveitamento dos recursos mariños.

Pero os habitantes do castro non só vivían dos recursos primarios. A rede de canles e pías que indican algún tipo de factoría, fai pensar na existencia de traballo especializado. A súa produción -salgaduras, peles, minerais, etc- quizais servise para comerciar con outros lugares.



cunchas de ameixa e berberechos



peso de rede




folia de fouce en bronce



serra de ferro

De feito, ao poboado chegaron gran cantidade de obxectos procedentes de diversos lugares da península, o Mediterráneo e o Atlántico que nos amosan a importancia do comercio na vida do castro. Aquí chegaron: ánforas de viño e aceite, vaixela de cocíña, fíbulas ou imperdibles para os vestidos, lámpadas, vidros, moedas, xoias como ágatas colares ou pulseiras... e moitos outros obxectos dos que hoxe non quedan restos. Parte deles probablemente distribuíranse logo a outros asentamentos.



agulla

alferga

texeira

posible tirador de moble

pondus (pesa de tear)

fusaiola (para fiado)

alfinete de bronce

fíbulas (broches para vestimenta)

conta vítrea

O comercio suporía o troco de bens pero tamén de ideas, modas, tecnoloxía... O uso do compás, evidenciado no debuxo gravado nun xerro é unha mostra. O achado de morteiros, utilizados para se cadra a preparación de salsas no mundo romano, indícanos certa elaboración culinaria aprendida. As fichas de xogo, quizais do **"tabulae latrunculatae"** cuxos taboleiros aparecen noutros castros, documentan un lecer no que se exercita o intelecto.

A aparición de fusaiolas, pesas de tear, agullas e unha alferga, indícanos o fiado, tecido e costura de roupas, panos, etc. As agullas do pelo, espátulas ou xoias revelan o interese polo vestido e o aspecto persoal.

Todo isto móstranos que o poboado era máis que unha pequena aldea que se autoabastecía, posto que nos remite á orixe dunha cidade.